



Guía Docente						
Datos Identificativos				2014/15		
Asignatura (*)	Introducción á Econometría		Código	650G01024		
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6		
Idioma	Castelán					
Prerrequisitos						
Departamento	Economía Aplicada 2					
Coordinación	Ramil Diaz, Maria Concepcion	Correo electrónico	maria.ramil@udc.es			
Profesorado	Ramil Diaz, Maria Concepcion	Correo electrónico	maria.ramil@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Esta materia pretende proporcionar unha panorámica xeral da econometría destacando a utilidade dos instrumentos que aporta e as súas aplicaciones no contexto da ciencia económica, introducir a terminoloxía e a lingua xeconométrica e iniciar a aprendizaxe dos conceptos e dalgunhas ferramentas básicas para extraer a información contida nos datos que se empregan para a análise empírica da economía. A asignatura está fortemente vinculada ás de teoría e política económica, á estatística e ás matemáticas.					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cando, ónde novos desenvolvimentos persoais son necesarios.
A2	Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A4	Comprender a estrutura de linguas estranxeiras e desenvolver un vocabulario, Comprender, ler, falar e escribir nunha lingua estranxeira.
A5	Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A6	Comprender os principios da enxeñaría e vincularlos co coñecemento empresarial.
A8	Comprender os principios da psicoloxía, identificar as implicacións para a organización empresarial.
A9	Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A11	Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A21	Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer e utilizar correctamente e con precisión a terminoloxía e a linguaaxe econométrica.	A1 A4	C1 C2 C7
Especificar e estimar modelos sinxelos para a análise cuantitativa das relacións entre as variables económicas e utilizalos para o contraste de hipótese e a predición co obxectivo de fundamentar a toma de decisións.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A11 A21	C1 C2 C4 C5 C6 C7 C8
Utilizar as rutinas de cálculo necesarias para resolver os problemas empíricos en economía a través do software adecuado.	A1 A2 A4 A5 A21	C2 C3 C4 C6 C7 C8
Analizar desde un punto de vista crítico os resultados da aplicación das técnicas.	A1 A2 A5 A6 A8 A9 A11 A21	C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Econometría e modelos económicos.	1.1. Concepto de econometría. Método. 1.2. Modelos económicos. Elementos e clases.
2. O modelo de regresión lineal clásico.	2.1. Hipóteses básicas. 2.2. Estimación dos parámetros. 2.3. Propiedades dos estimadores. 2.4. Bondade do axuste.
3. Inferencia no modelo clásico.	3.1. Hipótese de normalidade. 3.2. Distribucións de probabilidade dos estimadores. 3.3. Contrastes de hipóteses para os parámetros. 3.4. Estimación por intervalo. 3.5. Estimación máximo-verosímil.
4. Predición no modelo clásico.	4.1. A predición. Concepto e clases. 4.2. Predición óptima no modelo clásico. 4.3. Medidas avaliadoras da capacidade predictiva. 4.4. A estabilidade postmostral.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	17	25.5	42.5
Obradoiro	25	50	75
Proba obxectiva	2	10	12
Prácticas a través de TIC	4	10	14
Atención personalizada	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Consisten na presentación da materia e a exposición detallada das actividades que deben desenvolver os alumnos e os criterios cos que serán avaliados.
Sesión maxistral	Baséanse na exposición oral dos conceptos e métodos por parte dos profesores, áínda que deben contar coa participación activa dos alumnos. A exposición complementase coa utilización de medios audiovisuais e inclúe exemplos e exercicios que permiten destacar as limitacións e as posibilidades dos métodos expostos.
Obradoiro	Son sesións interactivas nas que se realizan aplicacións da teoría, exercicios, problemas e tarefas prácticas, que permiten aos alumnos comprender os fundamentos teóricos da materia, e aprender a valorar, desde un punto de vista crítico, os resultados obtidos.
Proba obxectiva	E unha proba escrita para avaliar o grao de aprendizaxe.
Prácticas a través de TIC	Son dúas sesións interactivas de dúas horas de duración cada unha, repartidas ao longo do cuatrimestre, nas cales cada grupo de alumnos divídese en dous, para a aprendizaxe das ferramentas informáticas apropiadas para efectuar aplicacións empíricas dos métodos expostos nas sesións teóricas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	A atención personalizada permite resolver as dúbidas específicas que lle poden xurdir a cada alumno tanto na comprensión dos conceptos teóricos como na súa aplicación. Nos obradoiros, cada estudiante atopa dificultades en puntos distintos das aplicacións prácticas, de maneira que é necesario un traballo individual con cada un deles para que non perdan o ritmo da clase na súa resolución. Para preparar a proba obxectiva, cada alumno ten dúbidas específicas que requieren unha atención especial. Nas prácticas a través de TIC, a heteroxeneidade dos estudiantes no dominio das ferramentas informáticas fai que os problemas que se suscitan durante o seu desenvolvemento sexan múltiples e variados, e é necesario resolvelos de forma individualizada, por iso estas clases serán impartidas en grupos reducidos.
Proba obxectiva	
Prácticas a través de TIC	

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Obradoiro	Valorarase a presenza activa dos alumnos nestas clases, nas que deberán resolver e entregar os controis, problemas, exercicios e cuestiós que lles sexan propostos, na forma que se detallará ao comezo do curso. Estas actividades computan na avaliación un máximo de 2.5 puntos sobre 10.	25
Proba obxectiva	A proba obxectiva para a avaliación da aprendizaxe combina preguntas conceptuais e de razonamento con outras de contido práctico ás que pueden achegarse saídas de ordenador para a súa interpretación. Considérase fundamental para a avaliación, computa un máximo de 7 puntos sobre 10, e esíxese obter nela un mínimo de 2.5 puntos para que sexan computadas as cualificacións obtidas polas actividades desenvolvidas nos obradoiros. O alumno que non alcance este mínimo será cualificado só coa nota da proba obxectiva. O alumno que o alcance ou o supere será cualificado coa suma das puntuacións obtidas na proba obxectiva e nas actividades desenvolvidas nos obradoiros.	70
Prácticas a través de TIC	Na segunda sesión de prácticas os alumnos deberán demostrar a súa competencia no uso das ferramentas informáticas mediante a resolución dun problema. Esta actividad computa na avaliación un máximo de 0.5 puntos sobre 10.	5



## Observacións avaliación

## CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

A cualificación de non presentado corresponde ao alumnado que só participe en actividades de avaliação que teñan unha ponderación inferior ao 20 por cento da cualificación total, con independencia da puntuación obtida.

## NORMAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS OBXETIVAS.

Segundo o Artigo 10. Identificación dos estudiantes das Normas de avaliação, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario:

"O profesor ou profesores encargados da realización dunha proba ou actividade de avaliação deberán ter constancia da identidade do alumnado que se presente a esta. Para ese fin, poderá requerir en calquera momento da realización das probas de avaliação a identificación do estudiante, quen deberá acreditala mediante a exhibición da tarxeta de estudiante da UDC, o documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente."

Ademais, segundo o Artigo 14. Comisión de fraude e responsabilidades disciplinarias:

"1. Se durante a realización dunha proba de avaliação os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudiantes ou un comportamento impropio, procederáse á expulsión inmediata do estudiante da proba de avaliação e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.

2. Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliação con instrumentos electrónicos ou dispositivos móveis accesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.

3. A expulsión dunha proba de avaliação implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.

4. Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento."

## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- CARRASCAL, U., GONZÁLEZ, Y., RODRÍGUEZ, B. (2001). Análisis econométrico con Eviews. Madrid: RA - MA.</li><li>- GUISÁN, M.C. (1997). Econometría. Madrid: McGraw - Hill.</li><li>- MARTÍN, G.; LABEAGA, J.M.; MOCHÓN, F. (1997). Introducción a la Econometría. Madrid: Prentice - Hall.</li><li>- ARRANZ, M.; LODEIRO, M.J.; RAMIL, M. (2004). Introducción a la Econometría. Notas, Ejercicios y Aplicaciones. A Coruña: NINO, Centro de Impresión Digital.</li><li>- RAMIL, M.; REY, C.; LODEIRO, M.; ARRANZ, M. (2012). Introducción a la econometría. Teoría y práctica. A Coruña: Reprografía Noroeste, S. L.</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- GUJARATI, D.; PORTER, D. (2010). Econometría, 5ª edición. Méjico: McGraw - Hill.</li><li>- MADDALA, G.S. (1996). Introducción a la Econometría, 2ª edición. Méjico: Prentice - Hall.</li></ul>

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Principios de Microeconomía/650G01002

Matemáticas I/650G01004

Estatística I/650G01009

Matemáticas II/650G01010

Macroeconomía/650G01015

Estatística II/650G01018

Observacións

Para cursar esta materia requírense coñecementos previos de teoría económica xeral (micro e macroeconomía), estatística (descriptiva e teórica) e matemáticas (álgebra e cálculo). Ademais, dado que as aplicacións económicas impoñen a utilización de datos, é importante coñecer a estrutura e o contido das principais fontes de información estatística. Recoméndase aos alumnos revisar os materiais das asignaturas nas que se lles teñan impartido estes contidos antes ou ao inicio do curso.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías